



**Trala reunión mantida o pasado martes 24 de Marzo ca Consellería do Mar, temos a ben informar:**

**Que estando á espera da resolución de peche por causa de forza maior da actividade marisqueira nas autorizacións da Confraría de Noia, en canto esta se nos remita por parte da Consellería do Mar, quen reuna os requisitos poderá optar entre solicitar a prestación por cese de actividade por causa de forza maior ante o ISM (por sede electrónica) e aportando a documentación necesaria e sempre que se reúnan os requisitos mínimos (estar dado de alta na S. Social, acreditar 12 meses de alta nos últimos 24) etc...**

**Esta prestación será retroactiva dende a data de cese que poña na resolución, ata o 31 de maio, data prevista de inicio do plan en Muros.**

**Outra opción é participar no convenio entre as confrarías e a Consellería do Mar por asinar, no que como máximo e despois de realizar ata 12 xornadas de traballo (aproximadamente de 4 horas) se poderán percibir preto de 700 € mensuais.**

**Aquelas persoas que non reúnan os requisitos para a prestación do ISM, poderán iniciar xa a súa participación no convenio.**

**E así os que si reúnan os requisitos para a prestación do ISM, unha vez termine esta, poderán participar a partir de ahí e ata setembro incluído no convenio si así o estiman.**

**A Confraría publicará a resolución de cese por causa de forza maior en canto a Consellería a envíe.**

**A certificación da xunta conforme non se percibiron axudas públicas por este concepto, será solicitada pola Confraría á Consellería do Mar e publicárase ao igual que a resolución de peche.**

